

9788460943099
ISBN
9-6046-0948

Conferencia de Brahma
das Linguaes da UMA
Valencianos
Lançamento de Lompatelo preferiu es-
lanchado sobre as lmaxes xeradas polos
de Xotilismo a escultora. Leva xa tempo
que se realizou a escultura de Valen-
cienses que se realizou en el
ambito da imaxe-documento.

*miradas críticas e relatos feministas
en torno ós suxeitos sexuados nos espacios públicos*

CORPOS DE PRODUCCIÓN

*miradas críticas e relatos feministas
en torno ós suxeitos sexuados nos espacios públicos*

PERMUI, Uqui e RUIDO, María (eds.)

Maria Xosé Agra
Montse Romaní
Margarita Ledo
Alejandra Riera
María Galindo
Chus Pato
Giulia Colaiuzzi
Brian Holmes
Precarias á Deriva
Virginia Villaplana
Manuel Olveira
Carmen Nogueira e Antonio Doñate
Uqui Permu
intrépidas e sucias

Entre os obxectivos do Seminario *corpos de produción* está o repensar a cidadanía e darlle cabida aos discursos críticos feministas contemporáneos, e isto será o que centre a miña intervención, é dicir, as reflexións críticas e as propostas feministas sobre a cidadanía. Ora ben, repensar remite a un contexto problemático. Cómprame lembrar que a idea de cidadanía é unha das grandes ideas do pensamento político occidental para a que non hai unha definición simple e definitiva. Achámonos ante unha idea polémica que levanta importantes controversias intelectuais e políticas, ante distintas comprensións e prácticas da cidadanía, en diferentes contextos históricos e teóricos. A idea de cidadanía é tan vella como a política mesma, xorde na *polis* grega, pero non é só un legado, é tamén un ideal clásico (Pocock, 1995), e ponmos na tesitura de ter que confrontámonos con ela, de ver se, en efecto, é posible repensala e en qué medida abre un horizonte de posibilidades. Desde as últimas décadas do século XX vén sendo unha idea importante, configúrarse como un concepto filosófico-político estratégico e como ferramenta políticamente útil, ata tal punto adquiere centralidade no debate actual que mesmo corre o risco de hiperrepresentación (Quesada, 2002).

A cidadanía suscita o interese das feministas políticas tralas críticas ás versións tradicionais desta e da constatación da difícil construcción da cidadanía das mulleres, da, como lles gusta a algunas decir, difícil alianza entre cidadanía e xénero. Vaise defender que, malia todo, a cidadanía proporciona espacios para a política feminista. Por descontado, non vou presentar unha proposta acabada, senón interrogantes, liñas de exploración, introducir elementos e referencias de debate e reflexión, tentando atender a este anovado interese pola cidadanía e aos problemas e virtualidades derivadas dun contexto e dinámica global, de globalización económica, do impacto das novas tecnoloxías da comunicación, esculcando o que hai de novo ou de vello desde a perspectiva da relación entre xénero, globalización e cidadanía hoxe en día. En resumo, tirar dalgúns fios que nos permitan albiscar se as propostas feministas de repensar a cidadanía, de acadar unha cidadanía máis igualitaria e incluínte semellan axeitadas.



Sobre os corpos políticos

Ao fio de *corpos de producción*, das miradas críticas e dos relatos feministas, quixera comezar por a penas unhas suxestións que constitúen a reflexión de fondo: en primeiro lugar sobre o corpo dado que está no cerne das construccions da subxectividade, na base da reflexión epistemolóxica e, cómo non, da arte, da ciencia e da política; isto é, sobre o binomio poder/coñecemento. En segundo lugar sobre o consabido poder da imaxe, mesmo da súa tiranía no mundo actual (*Show de Truman, Gran Hermano*) que se impón fronte aos demais sentidos, fronte á potencialidade do oír/escoitar ou ao poder da palabra e a argumentación. En terceiro lugar, o falar de *corpos de producción* suxírenos tamén o poder das metáforas na producción e representación dos corpos políticos. Basta achegármonos ás recurrentes analogías orgánicas, físicas e mecánicas do corpo político que achamos na filosofía política. Unha delas chama a atención especialmente, refírome ao *Leviatán* de Hobbes, que no seu comezo nos di:

«A Natureza, a arte polo que Deus fixo e goberna o mundo, é imitada pola arte do home, como en tantas outras cousas, en que este pode fabricar un animal artificial. Se a vida non é senón un movemento de membros cun principio que está radicado nalguna parte principal interna deles, ¿non poderemos tamén dicir que todos os autómatas (máquinas que se moven a si mesmas mediante resortes e rodas, como sucede cun reloxo) teñen unha vida artificial? ¿Que é o corazón senón un resorte? ¿Que son os nervios senón cordas? ¿Que son as articulacións senón rodas que dan movemento a todo o corpo, tal e como foi concibido polo artífice? Pero a arte vai aínda máis lonxe, chegando a imitar esa obra racional e máxima da natureza: o home. Pois é mediante a arte como se crea ese gran LEVIATÁN que chamamos REPÚBLICA ou ESTADO, en latín CIVITAS, e que non é outra causa que un home artificial. É este de maior estatura e forza que o natural, para protección e defensa do cal foi concibido.»

Paradoxal ou incoherentemente (González, 1998: 29) Hobbes emprega metáforas de abondo malia ter sostido o seu rexitamento en aras da construcción dunha ciencia política baseada no método científico, na razón. O *Leviatán*, o corpo político producido, amósanos unha metáfora mecanicista máis que orgánica e fainos pensar sobre as transformacións do Estado: do *Leviatán* autómata (autómata con

alma, como indica Chris Hables Gray) ao corpo político *ciborg*, á tecnociencia e ao ciberespacio. É dicir, á metáfora do corpo político *ciborg* que marca a centralidade política da tecnoloxía e dun novo territorio e infraestructura (Gray, 2001: 20). A cidadanía *ciborg* ou o ciberfeminismo¹ responden ás novas realidades, ás exploracións das novas posibilidades, ao coñecido «Manifesto para *ciborgs*» de D. Haraway é a súa carta fundacional². Con todo, e contrastando con certo entusiasmo ilimitado polas novas tecnoloxías, desde estes achegamentos faise evidente que os problemas requieren solucións políticas e non tecnolóxicas, comunidades reais e non só virtuais, apúntanse aos perigos de reproducir vellas formas, incidindo no acceso diferenciado ás tecnoloxías (de saúde, de información e de poder) e na ambigüidade, nun sentido tamén positivo, na abertura na que nos movemos: as promesas dos monstros. Sen esquecer as vellas loitas, nin a historia, e máis en concreto as loitas e a historia feministas, as loitas pola cidadanía en tanto que loitas pola igualdade e a inclusión. A metáfora do *Leviatán* autómata colócanos ante o individuo súbdito, a cidadanía pasiva; a do corpo político *ciborg* semella dar cabida a novas formas de liberación e representación pero ao mesmo tempo reflíctese a súa lóxica, a dominación da información.

Ora ben, vaiamos á cidadanía, á idea de cidadanía política, da específica relación política que implica, e á súa importancia nun momento no que asistimos á transformación do estado-nación e no que comeza a pórse en cuestión o vínculo histórico, continxente, entre cidadanía e nacionalidade, e apreciar cómo afecta á cidadanía das mulleres. Como dicíamos, a idea de cidadanía é tan vella como a política, a *Política* de Aristóteles constitúe un referente clásico no que moitos seguen a ver o cerne da cidadanía: «gobernar e ser gobernado», o cidadán como o que ten a capacidade e o poder de autogobernarse, sendo a vida política activa o seu obxectivo. A cidadanía política, activa, participativa, aristotélica responde a un certo tipo de ser humano, implica certos prerrequisitos (nomeadamente, exclúe aos bárbaros, metecos, mulleres, escravos, nenos). De feito, sostense, non é unha característica que atinxá só á concepción aristotélica –que sexa algo accidental e non substancial a idea mesma– senón que a idea de cidadanía tería unha natura xánica, unha dobre face incluínte/excluínte. Xorde así unha primeira cuestión, se a cidadanía sempre implica prerrequisitos. Unha segunda cuestión levántase ao fío das dúas interpretacións que segundo J. Rancière se poden dar da noción aristotélica de gobernar e ser gobernado. Unha considera á cidadanía como un «estado que cualifica os suxeitos e lles permite actuar como cidadáns» e en consecuencia con isto exercen a relación política; a pertenza funda a participación. A

¹ Sobre ciberfeminismo véxase o nº 76 (Primavera 2002) da revista *Debats*.

² Para un exame detido da interrelación entre epistemoloxía e política véxase Carme Adán: *Feminismo e coñecemento*. Espiral Maior, 2003.

outra entende que o feito de gobernar e ser gobernado non é a consecuencia da cidadanía, senón a súa definición mesma, é unha relación política específica que define o ser mesmo do suxeito cidadán. A primeira incide na pertenza, a segunda na singularidade da cidadanía política (Rancière, 2000).

Non é posíbel examinar o decorrer do concepto de cidadanía e a súa definición cada vez máis como condición legal que política, máis pasiva que activa. E soamente podemos facer referencia aos momentos históricos importantes na complexa relación das mulleres coa cidadanía: Revolución francesa, Declaración de independencia americana, movemento sufraxista e loitas postcoloniais, e que deron lugar ás linguaxes feministas de demanda e construcción da cidadanía (Agra, 2002a). Enxergamos, pois, o que se presenta como unha tensión fundamental e evidente nos nosos días, basicamente a cidadanía responde a criterios de pertenza e dereitos, e na súa revitalización trátase de facer da participación o elemento político chave, e, ao mesmo tempo, a súa vinculación ao estado-nación e á nacionalidade. A isto hai que engadir o impacto que exerce a globalización sobre o estado e, consecuentemente, sobre a cidadanía. Dito doutro xeito, achámonos coa tensión entre o polo estatutario e o polo igualitario da cidadanía, ou como condición legal e como proxecto normativo ou aspiración, e as súas complicaciós agora que a globalización semella minar a soberanía dos estados. Chegadas a este punto cabe entender, en certo modo, que o anovado interese pola cidadanía reflicte en parte a reacción contra o poder global e os asaltos do Estado sobre o social, incluíndo os dereitos das mulleres (Pettman, 1999: 218). En definitiva, globalización e neoliberalismo; ante un corpo político, un poder e unha economía global agroman os corpos políticos, os *corpos de producción* dunha nova ou redefinida cidadanía. Mais antes de chegar ás redefinicións convén que nos demoremos algo na globalización.

Globalización e xénero

Nun coñecido texto de finais dos oitenta, Anna G. Jónasdóttir preguntábase se á democracia lle importaba o sexo. Obvia é a resposta. A autora considera que a teoría feminista do estado está na súa infancia e que tampouco se avanzou moito na teoría democrática. Propónse analizar e explicar as desigualdades existentes entre as mulleres e os homes no mundo contemporáneo. Frente á idea común, na teoría social non feminista de distinguir dúas estructuras de autoridade básicas, nomeadamente, a economía capitalista e o estado, o seu argumento feminista

descansa na idea de que: «estas estructuras básicas son tres: a estructura de clases, socioeconómica, centrada arredor da propiedade privada e o control dos medios de produción; a estructura sociosexual patriarcal, centrada arredor da institución do matrimonio, que regula as posesiōns de persoas sexuadas como os medios de produción da vida; e a estructura estatal-política, que regula as relacións entre os gobernantes e os gobernados na produción e reproducción do poder estatal, e que se centra arredor das institucións que manteñen a lexitimidade do poder do Estado» (1993: 321).

Parafraseando a Jónasdóttir cabe preguntármonos se lle importa o sexo-xénero á globalización, se segue a ser un elemento fundamental nas cambiantes e novas estructuras do mundo contemporáneo ou, con outras palabras, cal é a súa relación coas transformaciōns que acompañan á globalización económica é ao Estado. Neste senso quizais haxa que comezar por preguntarse ¿como afecta a globalización ás mulleres? e ¿que lugar ocupa o xénero nas teorías da globalización?. Atopámonos coa necesidade de pensar a globalización e o lugar do sexo-xénero e determinar se ten implicaciōns importantes para a cidadanía. Sen entrar nas análises feministas da economía política é, non obstante, preciso ter en conta, como se advirte na Editorial de *Signs*, no número monográfico sobre globalización e xénero (2001), que as teorizaciōns más influentes sobre a globalización nas últimas décadas se teñen ocupado dos efectos das novas formas de acumulación capitalista (axuste estructural, expansión de mercado, novas tecnoloxías, neocolonialismo) sen contemplar o xénero. As editorialistas salientan que xa desde os anos setenta as estudosas feministas veñen prestando atención ás cuestiōns de economía política e xénero en relación coa globalización, poñendo de manifesto a relación entre capitalismo internacional e xénero. Por iso suxiren a necesidade de repensar as formas en que se teoriza a globalización así como «formular teorías da globalización que sitúen o xénero no centro da análise más que construílo como un exemplo nunha serie». Isto é, asumir o xénero como un eixo fundamental da análise.

Así mesmo maniféstase a necesidade de non caer ou reiterar tópicos e lugares comuns ou, o que é o mesmo, nunha explicación convencional da globalización segundo a cal o desenvolvemento do capitalismo global se presenta como unha nova fase inevitábel, irreversible, guiada por unha lóxica inexorábel. As análises dos discursos da economía política deveñen fundamentais para pór de relevo o carácter non-natural da globalización económica, entendéndoа, xa que logo, como un proceso socialmente construído. Con outras palabras, hai que diferenciar entre a globalización como proceso e como ideoloxía. Como proceso non é

³ Ademais da xa coñecida distinción de U. Beck entre globalismo e globalización, F. Jameson indica que con frecuencia os intentos de definir a globalización non resultan moito mellores ca outras tantas apropiaciōns ideolóxicas, e distingue cinco planos: o tecnológico, o político, o cultural, o económico e o social. «Globalización y estrategia política». *New Left Review*, nº 5 (Nov/Dic. 2000): 5 e ss.

inevitábel, uniforme e unilineal, como ideoloxía persegue o naturalizar e despolitizar o proceso atribuindolle calidades máxicas ao mercado³). Igualmente apúntase que hai que prestar atención e problematizar certas divisiōns ou dicotomías como global=masculino/local=feminino, macroxeralizaciōns/alternativas globais, a máis das xa tradicionais de privado/público, produción/consumo, formal/informal, e atender ás estratexias de resistencia das mulleres á globalización económica que, como indican algunas estudosas, non se conceptualizan ben no debate estado-nación versus capitalismo global que caracteriza os discursos da economía política.

A desnaturización da globalización obriga a un exame máis coidadoso desta, das súas distintas dimensiōns, admitindo certa complexidade á hora de determinar a participación das mulleres, cómo lles afecta, se abre certamente posibilidades e oportunidades, como semella deducirse dalgúns estudos, en tanto que reconfigura espacios, tradiciōns e identidades. Isto é, entre outras cuestiōns, ver o que supón a masiva entrada de mulleres na economía global (segundo datos da ONU as mulleres representan a metade da poboación de emigrantes internacionais). Desde esta perspectiva, no canto de que as mulleres estean entrando nunha dinámica imparábel, convén delimitar o novo do vello, examinar as distintas formas que adoita a globalización, os seus múltiples ángulos e voces. Algunhas autoras, como Cindi Katz (2001) ou Alison Jaggar (1998), inciden en que a globalización non é nada novo, xa que o mercado mundial, a interacción e o intercambio cultural non son novos. Non obstante subliñan que o que si é novo e sen precedentes: a súa intensificación, o maior coñecemento dos procesos globais e a fragmentación. De aí que desde posiciōns feministas postcoloniais, multiculturais e globais se alerte sobre os riscos de perpetuar o clasismo, o racismo e o colonialismo e que se amosen os retos e problemas dun feminismo global. Quizais habería que matizar que, se ben non é un fenómeno completamente novo, tampouco cabe entender a globalización sen máis, como sinónimo de internacionalización, como sinala M. Castells: «En sentido estricto é o proceso resultante da capacidade de certas actividades de funcionar como unidade en tempo real a escala planetaria. É un fenómeno novo porque só nas dúas últimas décadas do século XX se constitúe un sistema tecnolóxico de sistemas de información, telecomunicaciōns e transporte que artellou todo o planeta nunha rede de fluxos na que conflúen as funcións e unidades estratexicamente dominantes de todos os ámbitos da actividade humana» (2000: 5). Quere isto dicir que o que é especificamente novo é a comprexiōn do espacio e do tempo.

Moi sumariamente, achámonos coa necesidade de repensar a globalización desde o xénero, de determinar e valorar en qué medida as mulleres sufren os seus efectos, nos seus diferentes planos, e o seu grao de implicación no proceso. Esíxese un exame detido do diferente impacto nos distintos países, das novas formas de exclusión social e política e das desigualdades que xera. As análises feministas conflúen no tocante a que a globalización afecta de forma diferente e máis dura ás mulleres que aos homes, e máis ás mulleres dos países empobrecidos ou do Terceiro Mundo que ás mulleres occidentais que non son pobres, marxinadas ou excluídas. É dicir, hai unha xeografía variábel da globalización (Castells) ou contraxeografías da globalización (Sassen, 2003: 41-2) e ao mesmo tempo insiste na interdependencia física e económica mundial, como sinala Jaggar «hai moitas formas nas que o que ocorre nun lado do mundo afecta as mulleres do outro», o que significa ter que abordar temas que, en principio, semellan ser menos evidentes como cuestiós que atinxan en particular ás mulleres (débeda externa, extracción multinacional de recursos dos países do Terceiro Mundo, tráfico de drogas, militarismo..., ademais, por suposto, do turismo sexual e o tráfico internacional de mulleres). Partindo do feito da feminización dos fluxos migratorios, analízanse non só a feminización da pobreza –poñendo en cuestión que haxa un vínculo necesario entre pobreza e encabezamento feminino do fogar– e tamén a feminización da força de traballo, como salienta Sassen, agroma un proletariado feminizado fóra dos seus países de orixe, e emprega a noción de *feminización da supervivencia* coa que, dinos, «non me estou a referir ao feito de que a economía doméstica, realmente comunidades enteiras, dependan de maneira crecente das mulleres. Quero poñer a énfase tamén no feito de que os gobernos dependen dos ingresos das mulleres inscritas nos circuitos transfronteirizos, así como de toda unha sorte de empresas cuns modos de obter ganancias que se realizan nas marxes da economía «íctica»».«(2003: 45). Sinala tamén que as migrações internacionais mudan as conductas de xénero e sustento que a creación de fogares transfronteirizos pode fortalecer, dar poder ás mulleres, entendendo que o «fogar» devén nunha categoría analítica chave para a comprensión dos procesos económicos globais e das novas formas de solidariedade transfronteirizas e de novas subxectividades.

Este rápido achegamento permítenos tirar algúns puntos. En primeiro lugar, a constatación da invisibilidade, baixo o prisma da neutralidade, das dinámicas de xénero nos discursos da economía política: «E, unha vez máis, a nova literatura económica sobre os procesos actuais de globalización opera como se esta nova fase económica fose neutral en relación ao xénero» (Sassen, 2003: 46). En se-

gundo lugar que estamos ante un fenómeno complexo que require dunha análise feminista e do desenvolvemento de investigacións dirixidas a determinar as relacións e transformacións de xénero na nova economía global, as continuidades e descontinuidades, as posíbeis vantaxes (oportunidades, participación pública...) e as desigualdades e xerarquías de xénero. En terceiro lugar, o feminismo enfrenta os retos dun feminismo global, múltiple e plural, a necesidade de reconfigurar a súa axenda, partindo da existencia xa da súa realidade, atento ás novas subxectividades e solidariedades (Agra, 2002b); e, por último, a cuestión de se a cidadanía ten que formar parte desa axenda global. A reflexión sobre xénero e globalización lévanos así á outra dimensión, a da reorganización ou transformación do poder político, do corpo político, e se a cidadanía é, desde unha perspectiva feminista, unha ferramenta politicamente útil.

Repensando a cidadanía

En xeral defínese a cidadanía como a relación entre o individuo e o ordenamento político. A cidadanía moderna remite á relación legal dun individuo que pertence a un estado-nación, establece un vínculo, como xa se indicou, entre cidadanía e nacionalidade, artéllase segundo o par cidadán/estranxeiro. Así mesmo, e polo xeral, as demandas de cidadanía diríxense ao Estado. Ora ben, volvendo a Jónasdóttir, o feminismo non chegou a desenvolver unha teoría do Estado e, por outra parte, a súa relación foi sempre, teórica e practicamente, problemática. O Estado foi un tema más ben ambiguo e difícil para a política feminista pois, dun lado, relaciónaselle e reforzaría o poder masculino e, doutro, a el se dirixen a maioria das demandas de cidadanía formal e de dereitos sociais das mulleres. Ora ben, o problema que se coloca agora é que o estado-nación está sufrindo transformacións froito dos procesos de globalización, o que vén supor un baleiramento da súa soberanía e de moitas das súas obrigas respecto dos seus cidadáns. Agroman diferentes posicións sobre se o estado-nación segue sendo o lugar prioritario para as demandas (de liberdade, igualdade, xustiza) das mulleres e para enfrentar os problemas derivados da globalización nas súas dimensións económicas e políticas e sobre as posibilidades dunha cidadanía global. Dito doutra maneira, ante os temores dun poder global e os atrancos á responsabilidade política, algunas feministas formulan a necesidade de reclamar o Estado e a cidadanía, malia as súas dificultades, como un lugar máis axeitado, defendendo formas máis incluíntes de cidadanía nacional-estatal e o internacionalismo. Outras decantaranse por pro-

postas que contemplan os diferentes niveis da cidadanía, como imos ver. En todo caso, hai un aspecto importante a salientar: nomeadamente, é un erro pensar que os Estados son outra das vítimas da globalización e contra o mito de que non teñen poder para enfrentar as forzas globais (Pettman, 1999:207). Pero vexamos algunha das propostas.

Fronte a quen sostén que a cidadanía ten que circunscribirse ao estado-nación e que os Dereitos Humanos son únicamente aplicábeis ao ámbito inter ou supranacional, algunas teóricas manteñen que, seguindo o ideal emancipatorio e igualitaria da cidadanía, as cidadanías nacional e transnacional son dúas modalidades que coexisten e están estreitamente relacionadas, que histórica e ideoloxicamente se implican a unha á outra. Esta é a posición defendida por Nira Yuval-Davis, quen propón unha política transversal e unha cidadanía multiniveis, baseada nunha definición que non se reduce á relación formal entre individuo e Estado, senón como «unha relación más total, mediada pola identidade, a posición social, os supostos culturais, prácticas institucionais e sentido da pertenza» (Webrner/Yuval-Davis, 1999:4), e que considera a cidadanía como unha ferramenta politicamente útil para as mulleres na loita polos dereitos civís, sociais, democráticos e humanos.

Téntase un modelo alternativo de cidadanía no que as nocións de diferencia e de acceso diferencial ao poder implican a reformulación da concepción homoxénea da cidadanía, da comunidade e das mulleres. Por iso requírese un estudio comparativo da cidadanía que contemple non só o contraste entre homes e mulleres senón tamén a afiliación das mulleres a grupos dominantes e subordinados, a súa etnicidade, orixe e residencia urbana ou rural, e aos posicionamentos transnacionais e globais. A xuízo de Yuval-Davis a definición de cidadanía de T. H. Marshall, malia ser crítica con moitos outros aspectos, como «o status que se concede aos membros de pleno derecho dunha comunidade» é útil analiticamente para artellar a cidadanía como un constructo de «multiniveis»: locais, étnicos, nacionais e transnacionais. Dito doutro xeito, a comunidade de Marshall é homoxénea e estase a transformar nunha comunidade pluralista, polo que hai que reinterpretar a súa énfase na igualdade de status e no respecto mutuo desde esta perspectiva. Así mesmo pártese de que a cidadanía é diferente nos diferentes países, que a cuestión da cidadanía non é a dos dereitos formais e que se atendemos á definición de cidadanía de Aristóteles (gobernar e ser gobernado) só unha minoría en todo o mundo gozou desa cidadanía activa. É dicir, que os deberes da cidadanía poden chegar a ser a marca do privilexio.

Como indicábamos, a súa alternativa inscríbese nunha política transversal, de construcción dunha coalición, baseada no recoñecemento das específicas localizacións

sociais e nos coñecementos situados (D. Haraway), e no diálogo entre eles, co obxecto de acadar unha perspectiva común, que pode ter como resultado proxectos diferenciados e grupos posicionados differentemente, mais compatíbel cunha solidariedade sustentada nun coñecemento común, nun sistema de valores compatíbel. Isto é, diálogo si pero non ilimitado. A política transversal preséntase como unha alternativa á hora de enfrentar o problema das diferencias, o diálogo transversal cruza a diferencia, non obstante quere afastarse, explicitamente, da política da identidade: a intersección e non a identidade, o diálogo común entre diferentes localizacións e coñecementos situados, limitado polos valores compartidos, constitúen o cerne desta proposta.

Autonomía e suxeito consciente son os atributos requeridos da individualidade dos suxeitos modernos pero tamén o seu compromiso dialéctico cos seus cidadáns nunhas condicións de definición globais. En resumo, desde esta proposta, a cidadanía é unha ferramenta politicamente útil para as mulleres, non se debe abandonar o seu potencial emancipatorio senón tentar levalo a cabo, interseccionando diferencias, assumindo as dimensións dialóxicas e globais. Trátase de profundar en fórmulas más igualitarias e incluíntes, más participativas e activas politicamente, más plurais e, consecuentemente, poñer as bases dun discurso alternativo, dunha nova comprensión da cidadanía que quere mover, transformar ou cambiar os límites e as fronteiras que a acoutan, seguindo unha lóxica incluinte e igualitaria, facendo fincapé en que, fronte á sociedade pasiva, o deber más importante da cidadanía é o exercicio dos dereitos políticos e a participación na determinación das traxectorias nos distintos niveis, desde as casas ao nivel global, a cidadanía é un continuo «multiniveis».

A ningúén se lle escapan os problemas de artellamento, mesmo tendo en conta as realidades dos novos movementos, que comporta esta proposta de cidadanía e política transversal. Como tampouco está exenta deles a proposta de Sassen dunha cidadanía desnacionalizada, –non posnacional– que considera que os lugares estratégicos hoxe en día son as cidades globais, aínda que recoñecendo certo peso ás institucións do Estado. Sassen parte de que o Estado xa non é o único lugar onde identificar a soberanía e a normatividade que dela emana, que o Estado non é xa o suxeito exclusivo do derecho internacional, que se están a resituar algunas compoñentes da soberanía nacional en institucións supranacionais ou non gobernamentais, que están emerxendo actores e suxeitos alternativos do derecho internacional, desde ONGs e poboacións minoritarias a organizacións supranacionais. Así mesmo, constata a emerxencia tamén de solidariedades transfronteirizas, en concreto, das mulleres. Enténdese a cidadanía como un campo politicamente

útil, de conflicto, e cuestiona o seu confinamento ao estado-nación, levanta críticas contra o que sería, ao seu modo de ver, un retroceso, isto é, o estatismo. Avoga por unha lectura crítica feminista da soberanía ademais das cuestións de participación e de representación, e apostar pola afirmación dos dereitos dos individuos sen importar a súa nacionalidade, en tanto que suxeitos de dereitos e das institucións internacionais. Como Yuval-Davis, enténdese que a cidadanía non é só condición legal senón que ten un enorme potencial en tanto que proxecto normativo ou aspiración. Tamén apunta Sassen a emerxencia de novos actores e dunha nova política pero, a diferenza daqueloutra proposta, vai na dirección dunha desnacionalización da cidadanía nun sentido máis forte, que levaría consigo unha nova condición fundacional da cidadanía e que tería como lugar estratégico a cidade global. Vemos, pois, ao carón destas propostas, a penas esbozadas, onde están os puntos nodais do debate, dos retos e problemas da cidadanía, mais tamén enxergamos o obxectivo destas propostas feministas de repensar a cidadanía, o seu potencial normativo e emancipatorio no marco dunha lóxica incluínte e igualitaria. O debate fica aberto.

BIBLIOGRAFÍA

- Agra Romero, M.^a X. (2002a): «Ciudadanía: el debate feminista», F. Quesada (Dir): *Naturaleza y sentido de la ciudadanía hoy*. Madrid, UNED, cap. 5.
- (2002b): «Justicia y género: la agenda del feminismo global», C. Ortega/M.^a J. Guerra (coordadas.): *Globalización y neoliberalismo: ¿un futuro inevitable?*. Oviedo, Ediciones Nobel, cap. IV.
- Castells, M. (2000): «Globalización, Estado y sociedad civil: el nuevo concepto histórico de los derechos humanos», *Isegoría*, nº 22: 5-17.
- González García, J. M. (1998): *Metáforas del poder*. Madrid, Alianza.
- Gray, Ch. H. (2001): *Cyborg Citizen. Politics in Posthuman Age*. N.Y./London, Routledge.
- Jaggar, Alison (1998): «Globalizing Feminist Ethics», *Hypatia* Vol. 13, nº2.
- Jónasdóttir, Anna G. (1993): *El poder del amor. ¿Le importa el sexo a la democracia?*. Madrid, Cátedra.
- Katz, Cindi (2001): «On the Grounds of Globalization: A Topography for Feminist Political Engagement», *Signs*, Vol. 26, nº 4.
- Pettman, J. J. (1999): «Globalisation and the Gendered Politics of Citizenship», N. Yuval-Davis/ P. Werbner: *Women, Citizenship and Difference*. N. Y. /London , Zed Books.
- Pocock, J. G. A. (1992): «The Ideal of Citizenship Since Classical Times» , R. Beiner (ed.): *Theorizing Citizenship*. Albany, State University of New York Press, 1995.
- Quesada, F. (Dir.) (2002): *Naturaleza y sentido de la ciudadanía hoy*. Madrid, UNED.
- Rancière, J. (2000): «Citoyenneté, culture et politique», M. Elbaz/ D. Helly (dir.): *Mondialisation, citoyenneté et multiculturalisme*. Quebec, Les Presses de l'Université Laval.
- Sassen, S. (2003): *Contra geografías de la globalización. Género y ciudadanía en los circuitos transfronterizos*. Madrid, Traficantes de sueños.
- Yuval-Davis, N./Werbner, N. (eds.) (1999): *Women, Citizenship and Difference*. N.Y./London, Zed Books.
- (1997): «Citizenship: Pushing the Boundaries», *Feminist Review*, nº 57.

Montse Romaní
Políticas espaciais

O paso que experimentaron as sociedades occidentais dunha economía industrial a unha economía baseada nas tecnoloxías da información e das telecomunicacións, así como pola potenciación do sector terciario e da actividade do entretenimento e do ocio como algunas das súas principais prácticas, foi decisivo para entender o actual modelo de espacio público e os seus modos e formas de uso. Na nosa sociedade *posfordista*, a cidade adquiriu unha posición privilexiada como espacio e lugar de consumo cun valor engadido que é o converterse nunha mercadoría que ten como bens más apreciados a cultura, as persoas (como corpos xeradores de plusvalías) e a información. Neste contexto, as políticas urbanas experimentaron un progresivo proceso de simplificación que contribuíu, entre outros efectos, á banalización do patrimonio histórico e a memoria colectiva da cidade, ao incremento das divisións sociais e económicas e á desintegración do espacio urbano onde os modos de socialización foron substituídos por relacións de conectividade.

En palabras do antropólogo francés Marc Augé o resultado extremo dos cambios que se experimentaron nas sociedade tardocapitalista é a substitución do lugar polo non lugar. «Se un lugar se pode definir como un lugar de identidade, relacional e histórico, un espacio que non pode definirse nin como un lugar de identidade, nin como relacional, nin como histórico, definirá o non-lugar..., un mundo prometido así á individualidade, solitario, ao efémero, á paisaxe...»¹. Ou o que outros analistas sinalaron como a negativización dos significados culturais, históricos e xeográficos das localidades.

¹ Augé, Marc: *Los no lugares. Espacios del anonimato. Una antropología de la sobremodernidad*. Gedisa. Barcelona, 1994, p. 83.

